

"Obradoiro de creación literaria"

Proxecto de traballo

6 de maio:

Presentación mutua de profesor e alumnado tentando crear unha situación de confianza e autoestima que anime ao desenvolvemento das cualidades literarias que todos podemos ter. Para iso farei un inquérito con varias preguntas para establecer un diálogo no que os alumnos e alumnas deberán manifestar as súas inquedanzas e as súas posibilidades literarias.

Dedicaremos parte do tempo a facer algunha lectura de textos literarios.

Pedireilles que traian algo escrito para a sesión do 13 de maio.

13 de maio:

Analizaremos os escritos que traian feitos para vermos os coñecementos literarios que cadaquén ten, enfocándoos cara o galego, lingua que coñecen suficientemente e mesmo falan ou poden falar en calquera lugar da súa contorna.

Tentaremos comezar a escribir algo en serio, poesía ou narración, que cocontinuarán para o traeren elaborado o 20 de maio.

20 de maio:

Tentaremos situar a literatura galega no mundo e na historia, de xeito que consigan ver que escribir en galego é tan válido como en calquera outra lingua do Estado ou do mundo.

Revisaremos os escritos feitos e continuaremos coas creacións literarias.

27 de maio:

Buscaremos relacionar a literatura galega coa contorna da ría de Vigo e do concello de Redondela no que eles viven. Temos referencias literarias desde a lírica medieval; Mendinho e a illa de San Simón, a cal poden ver desde a parroquia de Cedeira; Otero Pedraio e O Señorito da Reboraina co Rebordea, parroquia limítrofe con Cedeira, de fondo; etc.

Corrixiremos as creacións feitas e continuaremos ou comezaremos a súa primeira grande obra para a vermos o último día.

3 de xuño:

Tentaremos todos e todas que sexa o gran día no que se sintan escritores/as galegos/as. Isto fará que se consideren capaces de faceren algo literariamente que, aínda que podían ter as cualidades, non se atrevían a facelo.